

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

GALAXIA ACTUALIZA PRESENZA NA REDE

Un blog que é algo máis ca un blog

No espazo os lectores poderán interactuar cos autores, escritores noveis publicarán os seus textos, e amosaránse as novidades da editorial.

Redacción - 11:00 26/12/2008

En realidade, trátase [dun completo xornal electrónico](#) que, ademais de ofrecer as anotacións que irán dando conta do día a día da editorial, será tamén unha fonte de información, opinións, debate e interacción. O blog da Editorial Galaxia conta cunha serie de seccións que están chamadas a ser referencia para os internautas interesados pola cultura de Galicia. Ademais dos post do día, conta cunha sección de *Artigos de opinión* onde as xentes da cultura de Galicia irán ofrecendo a súa visión sobre os temas de actualidade cultural máis candentes do momento. Por outra banda, a páxina ofrece tres novidosas seccións chamadas *Balcón de Libros*, *Ópera Prima* e *Galería de Arte*.

Por exemplo, no Balcón de Libros os autores da Editorial Galaxia poderán encontrarse cos lectores. Nesta primeira semana, é Xesús Constela Doce (*Shakespeare destilado*) quen está respondendo ás dúbidas e comentarios dos lectores. Ópera Prima é un espazo web no que os escritores e escritoras noveis van poder amosar as súas creacións. A rede ábrese así á edición virtual ao mesmo tempo que lle dá voz a nomes que queren iniciar, así, a súa andaina literaria. Neste momento xa se poden ler catro textos e o escritor Francisco Castro, responsábel da bitácora, indica que nestes primeiros días de funcionamento están recibindo un número moi importante de propostas: "calquera pode publicar nun blog, pero hai moita xente para quen pode ser moi importante facelo no blog dunha editorial", di.

Victor Freixanes, [director da editorial](#), salienta a importancia da iniciativa: "Estar na contemporaneidade significa abrir camiños, arestora máis necesarios ca nunca, para que entre e saia o aire, tamén para que entremos e saiamos nós, a falar co mundo, a dialogar coas voces todas, porque quen non está activo nestes ámbitos está condenado a esmorecer. Velaquí un novo territorio. Para que o habitemos".